

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3.<sup>a</sup>, ECONOMÍA,  
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 19.05.2017      Hora: 10:30

15 MAI. 2017

Núm. 2661

A Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 19 de maio de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único. Preguntas orais en Comisión**

- 1            6612 (10/POC-001148)  
              Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
              Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis  
              Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da autorización legal necesaria que lles permita ás entidades locais o investimento do seu superávit orzamentario no ano 2017 sen ter que xerar ingresos polo mesmo importe  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017*
  
- 2            6956 (10/POC-001206)  
              Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
              Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
              Sobre a valoración do Goberno galego en relación co alcance do títet eléctrico e das outras axudas establecidas para o ano 2016 co fin de combater a pobreza enerxética das familias, a incorporación de medidas correctoras para o seu incremento, e a súa opinión respecto do destino para outros fins dos recursos orzamentarios inicialmente consignados para combater a pobreza enerxética  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 93, do 30.03.2017*
  
- 3            7159 (10/POC-001244)  
              Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
              Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
              Sobre a realización polo Goberno galego dalgunha avaliación do impacto a medio prazo na economía do baixo nivel das pensións das persoas autónomas e as medidas adoptadas ou previstas para procurar unha suba da súa contía media  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017*
  
- 4            7761 (10/POC-001353)  
              Grupo Parlamentario de En Marea  
              Villares Naveira, Luis e 2 máis  
              Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos resultados da operación de fusión das caixas galegas, rescate e venda de ABANCA a unha multinacional venezolana, a súa incidencia na situación financeira do Balneario de Guitiriz e as actuacións previstas para impedir a destrución dos proxectos de empresas galegas, en especial no medio rural, a consecuencia das prácticas da entidade  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102, do 21.04.2017*

- 5                   8069 (10/POC-001402)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Lago Peñas, José Manuel  
Sobre os datos referidos á débeda anual da Xunta de Galicia nos anos 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016 e os préstamos formalizados con entidades bancarias en cada un deses anos, así como as vantaxes susceptibles de cuantificación obtidas por non acudir aos mecanismos públicos de financiamento  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017*
- 6                   8292 (10/POC-001441)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis  
Sobre as razóns do baixo nivel de execución orzamentaria que presentan no ano 2016 os fondos destinados ás corporacións locais dentro do Plan de mellora e fomento da empregabilidade  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 110, do 04.05.2017*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017

Abel Fermín Losada Álvarez  
Presidente da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/05/2017 10:48:42**

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 3.<sup>a</sup>, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez

S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Secretario

Gonzalo Trenor López

P

## **Vogais**

José González Vázquez

P

José Manuel Lago Peñas

EM

María Guadalupe Murillo Solís

P

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Pedro Puy Fraga

P

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

Antón Sánchez García

EM

Sandra Vázquez Domínguez

P

Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 19.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 19.05.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 6612(10/POC-001148)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da autorización legal necesaria que lles permita ás entidades locais o investimento do seu superávit orzamentario no ano 2017 sen ter que xerar ingresos polo mesmo importe

*Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017*



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEPSF) recolle as tres regras fiscais de obrigado cumprimento: estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto.

No seu artigo 11.4 establece que “*As corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario*”, mentres que no artigo 32. Destino do superávit orzamentario, sinala que “*este destinarase a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit a destinar á redución da débeda*”

A Lei 9/2013 de débeda comercial, modificou a lei para permitir que os concellos cumprisen cunha serie de requisitos, destinar o superávit a investimentos financeiramente sostibles, unha definición de investimentos que recolleu o Decreto-Lei 2/2004, do 21 de febreiro na súa disposición adicional 16. Estas excepcións en ningún caso deron satisfaccións ás demandas municipais posto que as condicións para poder acollerse a estas medidas eran:

- Ter rexistrado superávit orzamentario e remanente de tesourería.
- Ter pagado antes as débedas pendentes con provedores para cumprir coa Lei de morosidade.
- Destinar o sobrante a amortizar débeda.

Estes condicionantes deron un resultado sorprendente: os concellos son a única administración con superávit, están saneados e cumpren os seus obxectivos, pero non poden investir o seu aforro.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/03/2017 09:30  
Nº Rexistro: 6612  
Data envío: 14/03/2017 18:40:54.096



#### Grupo Parlamentario

A Administración local é a administración máis cumpridora cos obxectivos marcados: a débeda local no seu conxunto xa acadou o 3 % fixado para 2020, e o superávit das entidades locais achega ao cómputo total de España medio punto do PIB, cumprindo co teito de gasto e pagando en prazo aos seus acredores.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Polo tanto, o Goberno debe atender as demandas do conxunto dos concellos, tal e como expuxo a FEMP na reunión da Comisión Nacional de Administración Local do pasado 30 de novembro, que lles permita empregar o superávit, que este ano é de aproximadamente 4.500 millóns de euros.

Polo que as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Ten previsto o Goberno galego dirixirse ao Goberno central para que, a través dunha autorización legal competente, se permita ás entidades locais reinvestir o seu superávit en 2017 sen a necesidade de xerar ingresos polo mesmo importe?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2017

#### Asinado dixitalmente por:

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/03/2017 18:35:05**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/03/2017 18:35:16**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 14/03/2017 18:35:26**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 14/03/2017 18:35:35**



**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 19.05.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 6956(10/POC-001206)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co alcance do tíket eléctrico e das outras axudas establecidas para o ano 2016 co fin de combater a pobreza enerxética das familias, a incorporación de medidas correctoras para o seu incremento, e a súa opinión respecto do destino para outros fins dos recursos orzamentarios inicialmente consignados para combater a pobreza enerxética

*Publicación da iniciativa, 93, 30.03.2017*



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/03/2017 11:23**  
**Nº Rexistro: 6956**  
Data envío: 23/03/2017 11:23:29.255

### Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**.

Reducir ao mínimo os altos índices de pobreza do noso país é un obxectivo que deben compartir todas as administracións e colectivos políticos e sociais galegos. De forma especial debe ocupar as nosas preocupacións a denominada pobreza enerxética, agravada polas consecuencias socioeconómicas da crise estrutural que atravesamos o modelo económico e social do capitalismo. Durante os meses de inverno, e non só, son moitas as unidades de convivencia incapaces de afrontar o pagamento das facturas do subministro de necesidades elementais como a auga, o gas ou a electricidade. Nomeadamente, nos últimos anos aumentou a dificultade para asumir os gastos dos consumos enerxéticos, que experimentaron importantes subidas, especialmente o eléctrico.

Enquisas e estudos de diferente tipo, como por exemplo a recente información da Enquisa Estrutural a Fogares do Instituto Galego de Estatística indican a tendencia á suba dos índices de pobreza. Non en van, no ano 2015 pasou do 16'41% anterior ao 16'95% ao que se suman os preocupantes datos de 2016 canto ao mercado laboral galego, onde se consolida o fenómeno de traballador ou traballadora pobre. Ollando a evolución do tipo de traballo podemos observar por exemplo como a pesares de rexistrárense un maior número de contratos no ano 2016 que no ano 2008, os contratos a tempo completo son inferiores aos do inicio da crise, mentres que os a tempo parcial



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/03/2017 11:23**  
**Nº Rexistro: 6956**  
Data envío: 23/03/2017 11:23:29.255

medraron considerabelmente. Polo tanto, menos horas de contrato repercuten a consolidar a liña de poder adquisitivo dos fogares galegos, tamén castigados polo paro, o avellentamento e outros factores.

Diante desta problemática, o Goberno galego desenvolveu o mecanismo do ticket eléctrico e na súa planificación e posta en marcha desbotou todas as achegas que este e outros grupos parlamentares indicaron, desbotando atender tamén ás deficiencias sinaladas na súa aplicación, como o feito obxectivo de non estar a chegar nin ao 5% da poboación albo. Á luz dos datos é obvio as esixencias sociais non teñen sido atendidas desde as administracións de forma adecuada. Máis aínda, coñecemos recentemente como o Goberno galego moveu até un 40% das contías orzadas para os fondos de axudas para pagar a electricidade a outros e moi diversos gastos, entre os que se atopan ademais elementos que ilustran cales son as prioridades do Goberno galego como a publicidade, cuestións de ámbito legal ou o alumeado da Cidade da Cultura.

Preguntado en comisión e pleno por este grupo parlamentar, diferentes representantes do Goberno galego e do Partido Popular téñense limitado a argumentar que o ticket foi outorgado a todos e todas as solicitantes e dado por válidos os movementos de orzamentos cunha actitude que desde o nacionalismo galego valoramos como autocompracente e decepcionante.

Publicadas e informadas á comisión 3ª as contas finais dos orzamentos xerais de 2016 podemos comprobar como da reserva orzamentaria de 2,1 millóns de euros para o financiamento do ticket eléctrico non se destinou para este fin nin unha cuarta parte do orzado. Este resultado evidencia o fracaso do modelo do ticket eléctrico, dun alcance moi limitado malia o aumento da factura da luz e dos índices de pobreza e exclusión social do noso país, no que o INE estima 375.000 fogares cuxos ingresos son inferiores a 600 euros mensuais.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/03/2017 11:23**  
**Nº Rexistro: 6956**  
Data envío: 23/03/2017 11:23:29.255

Por todo isto, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3ª:

- Cal é a valoración do Goberno galego do alcance do ticket eléctrico e outras axudas para o ano 2016?

- Ten incorporado ou vai incorporar medidas correctoras para corraxir o escaso alcance das axudas do ticket eléctrico despois de que no 2016 non atinxise nin a un cuarto da poboación albo?

- Mantén o Goberno galego a súa xustificación a respecto dos movementos orzamentarios polos que destinou máis de 800.000€ a outros gastos que nada tiñan a ver con gasto social, aos que se sumaron cantidades que pasaron a formar parte do fondo de imprevistos?

- Segue a considerar o Goberno galego que destinar contías previamente consignadas para combater a pobreza enerxética para asuntos que nada ten que ver coa política social é responsábel?

- Dirixiuse ou vaise dirixir o Goberno galego ás entidades sociais, sindicais, concellos e deputacións que impulsaron e apoiaron a ILP contra a pobreza enerxética para recadar posíbeis melloras para que o alcance destas axudas sexa maior?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/03/2017 11:23  
Nº Rexistro: 6956  
Data envío: 23/03/2017 11:23:29.255

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/03/2017 11:21:34**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/03/2017 11:21:46**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/03/2017 11:21:50**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 23/03/2017 11:21:55**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/03/2017 11:21:59**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/03/2017 11:22:00**

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 19.05.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 7159(10/POC-001244)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a realización polo Goberno galego dalgunha avaliación do impacto a medio prazo na economía do baixo nivel das pensións das persoas autónomas e as medidas adoptadas ou previstas para procurar unha suba da súa contía media

*Publicación da iniciativa, 97, 06.04.2017*



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/03/2017 13:04**  
**Nº Rexistro: 7159**  
Data envío: 28/03/2017 13:04:23.111

### Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á valoración por parte do Goberno galego do impacto na economía galega das pensións das persoas autónomas

Galiza é un país avellentado e a poboación maior de 64 anos roza o 25% do total. Neste contexto, a preocupación pola contía das pensións así como pola súa viabilidade nas próximas décadas adquire unha importancia que ten diferentes ópticas e unha delas é o impacto que as súas características ten na economía a medio e longo prazo ao afectar, por exemplo, consumo. Na actualidade, os datos son preocupantes. Por exemplo, a pensión de xubilación contributiva en Galiza ten unha contía media de 858 euros en xaneiro de 2016 e de 877 no mesmo mes de 2017, fronte aos 1.033 euros da media estatal en xaneiro 2016 e os 1.055 de xaneiro 2017. Doutra banda, se observamos a contía por diferentes sectores, o panorama non é menos preocupante e atendendo aos datos das persoas traballadoras autónomas podemos observar como en xaneiro de 2017 a media rozaba os 605 euros, que se ben supón un leve crecemento a respecto da mesma media no ano anterior, situada nos 597 euros, está aínda lonxe de chegar ao Salario Mínimo Interprofesional.

A análise pormenorizada dos datos revela un panorama preocupante e crecente xa que neste contexto de dificultade económica a maioría de persoas autónomas cotizan pola base mínima ao ser difícil de asumir outras contías. A isto súmanse outros fenómenos; por exemplo organizacións sindicais e estudos do mercado laboral alertan dun importante



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/03/2017 13:04**  
**Nº Rexistro: 7159**  
Data envío: 28/03/2017 13:04:23.111

volume de persoas que teñen que adscribirse á esta forma de traballo autónomo para adaptarse ao contexto e traballar por conta propia.

Por todo isto, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3ª:

-Ten avaliado ou vai avaliar o Goberno galego o impacto na economía a medio prazo das baixas pensións das persoas autónomas?

-Que medidas tomou ou vai tomar o Goberno galego para procurar unha suba significativa da contía media das pensións do colectivo dos traballadoras e traballadores por conta propia?

-Que valoración fai o Goberno galego de que as persoas pensionistas que proveñen deste colectivo poidan superar o limiar da pobreza?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2017

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





**BNG**  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/03/2017 13:04**  
**Nº Rexistro: 7159**

Data envío: 28/03/2017 13:04:23.111

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/03/2017 13:03:25**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/03/2017 13:03:31**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/03/2017 13:03:35**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/03/2017 13:03:39**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/03/2017 13:03:43**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/03/2017 13:03:45**

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 19.05.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 7761(10/POC-001353)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos resultados da operación de fusión das caixas galegas, rescate e venda de ABANCA a unha multinacional venezolana, a súa incidencia na situación financeira do Balneario de Guitiriz e as actuacións previstas para impedir a destrución dos proxectos de empresas galegas, en especial no medio rural, a consecuencia das prácticas da entidade

*Publicación da iniciativa, 102, 21.04.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao e Francisco Casal Vidal** deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión 3.<sup>a</sup> de Economía, Facenda e Orzamentos.

O proceso de fusión das caixas de aforro galegas e a súa posterior venda a un grupo empresarial venezolano constitúen o maior espolio do aforro galego da historia.

O resultado desta operación produciu como consecuencia unha descapitalización do aforro do noso País, e a perda multimillonaria derivada dun rescate con cartos públicos ao que seguiu unha operación de venda regalada da entidade, que xa hoxe está producindo beneficios.

Resta aínda por saber cal foron as claves económicas e políticas desta operación e as responsabilidades políticas e penais ás que puidese haber lugar.

Pero o efecto máis grave e duradeiro para Galicia é a perda dunha banca pública galega, rexida con criterios de sustentabilidade e prudencia, que apostase polos sectores produtivos do noso País e capitalizase proxectos económicos e empresariais que creasen emprego.

En troques disto, temos arestora un banco máis, que abusa da súa situación de superioridade con relación a particulares e PEMEs e actúa con criterios usurarios, abandonando toda perspectiva social da súa acción empresarial.



Mostra de todo isto é o que está a suceder co GRAN BALNEARIO DE AGUAS MINERO-MEDICINALES DE GUITIRIZ.

ABANCA (no seu día pola predecesora Caixa Galicia e Novagalicia Banco) concertou a partir do ano 2010 unha serie de operacións bancarias co titular das sociedades que conforman esta entidade, abusando dunha situación de inferioridade e falta de capacidade para contratar dunha persoa diagnosticada de enfermidade mental dende varios anos antes da operación, ademais da súa avanzada idade.

A consecuencia desta situación, foi admitida a trámite unha querela na que ABANCA figura como investigada por varios delitos de estafa e administración desleal.

Estas operacións sumiron á entidade nunha difícil situación financeira da que con grande sacrificio para o cadro de persoal e os axustes de traballo se está logrando saír.

Isto non obstante, e ante unha situación de iliquidez provisional, ABANCA decidiu executar a hipoteca que recae sobre a parte principal que compón os bens obxecto da actividade empresarial do Balneario, o que suporía o fin da actividade empresarial desta entidade.

Actualmente o Balneario dá traballo a 44 persoas de xeito directo e constitúe unha das máis importantes empresas por número de traballadores/as do Concello, que ademais viven na vila na súa meirande parte. O impacto económico do Balneario é ademais positivo nos sectores turístico e de restauración, pola estancia que prolonga durante varios días a visita á vila. En consecuencia existe un emprego indirecto asociado a esta actividade que se nutre dela.

O peche da empresa incrementaría a crise económica dun concello golpeado pola situación de INGEMARGA, que ameaza neste momento coa extinción de varias dúcias de postos de traballo.



Neste momento, a execución hipotecaria está impugnada xudicialmente e pendente de resolución. Unha reestruturación axeitada da débeda solucionaría un problema de illiquidez temporal (non hai insolvencia), mantería unha actividade empresarial esencial na vila e conservaría todos os postos de traballo.

Estas son as consecuencias da descapitalización do investimento no noso País, do espolio de aforro galego e da falta dunha banca pública que actúe con criterios sociais ademais de usurarios.

Por iso En Marea quere dirixir á Consellería de Facenda a seguinte **PREGUNTA** para a súa resposta oral na Comisión 3.ª:

- Atópase satisfeito o goberno galego coa operación de fusión, rescate e agasallo de ABANCA a unha multinacional venezolana?
- Pensa que a situación do Balneario de Guitiriz sería a mesma se ABANCA fose unha Caixa?
- Que pensa facer o goberno galego para impedir que empresas galegas, que crean emprego e manteñen o presente e futuro do noso tecido produtivo, especialmente no medio rural coma neste caso, vexan desfeito o seu proxecto empresarial pola voracidade de ABANCA?

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/04/2017 09:30**  
**Nº Registro: 7761**  
Data envío: 06/04/2017 18:30:01.887



Francisco Casal Vidal

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 06/04/2017 18:29:12**

**Paula Vázquez Vero na data 06/04/2017 18:29:24**

**Francisco Casal Vidal na data 06/04/2017 18:29:27**

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 19.05.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 8069(10/POC-001402)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre os datos referidos á débeda anual da Xunta de Galicia nos anos 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016 e os préstamos formalizados con entidades bancarias en cada un deses anos, así como as vantaxes susceptibles de cuantificación obtidas por non acudir aos mecanismos públicos de financiamento

*Publicación da iniciativa, 105, 26.04.2017*



Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lago Peñas**, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.<sup>a</sup>**.

O Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Cal é o importe anual de emisión de débeda da Xunta de Galicia en 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016?
- 2.<sup>a</sup>) Cal é o tipo de xuro medio de cada ano?
- 3.<sup>a</sup>) Cal é a relación nominal das operacións formalizadas cada ano dende 2012 a 2015, con importe do préstamo, tipo de xuro, prazo de amortización e entidade coa que se formaliza?
- 4.<sup>a</sup>) Cal é o prazo medio de duración dos préstamos formalizados en cada exercicio?
- 5.<sup>a</sup>) Que vantaxes cuantificables obtivo Galicia por non acudir aos mecanismos públicos de financiamento (FLA)?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2017 09:30**  
**Nº Rexistro: 8069**  
Data envío: 18/04/2017 18:57:24.379

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 18/04/2017 18:56:12**

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 19.05.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.6 8292(10/POC-001441)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as razóns do baixo nivel de execución orzamentaria que presentan no ano 2016 os fondos destinados ás corporacións locais dentro do Plan de mellora e fomento da empregabilidade

*Publicación da iniciativa, 110, 04.05.2017*



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

En Galicia temos unha poboación de 2.714.084 habitantes, que dende o ano 2009 se ten reducido en 123.935 persoas de entre 25 e 34 anos, e 162.849 persoas menores de 0-19 anos, datos que poñen en evidencia a inexistencia de políticas demográficas e sobre o emprego que eviten a emigración do potencial humano máis novo do noso país.

Os datos socioeconómicos actuais reflicten que:

. O Paro rexistrado (marzo 2016-2017) baixou en Galicia -9,38 %, mentres que en España a baixada foi dun -9,58 %.

. A afiliación á seguridade social, anual marzo 2016-2017, en Galicia incrementou un +1,98 %, mentres que en España se incrementa en + 3,49.

. Temos 69.600 fogares con todos os seus membros no paro (EPA IV/2016)

. Catro de cada 10 persoas viven en fogares sen capacidade de afrontar gastos imprevistos.

. A taxa de risco de pobreza en Galicia é dun 16,95 %

. Contamos co terceiro salario medio máis baixo de España, segundo os datos do INE, publicados o 28.10.2016 (ano 2014) 20.195,89 €.



#### Grupo Parlamentario

Con estes alarmantes datos, a Xunta de Galicia no exercicio 2016 deixou sen executar 100 M € consignados para a promoción do emprego, chegando só o 60% de cumprimento dos seus compromisos.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Este feito demostra un total desprezo pola situación límite que están a padecer un número moi importante de persoas no noso país, así como unha falla de compromiso e iniciativa co desenvolvemento de Galicia.

Se facemos unha análise dos datos presentados pola Xunta de Galicia sobre a execución orzamentaria, atopámonos que no Programa de Fomento da Empregabilidade (3.2.2.A) a Xunta de Galicia deixou sen executar 49 millóns de euros, é dicir, o 50 por cento do crédito vixente:

Crédito inicial: 53.547.000 €  
Crédito vixente: 95.203.000 €  
Obrigas recoñecidas 52.158.000 € (54,8 %)

Se desagregamos a nivel de artigo, temos que a partida 09.41.322A.460, Programa de Fomento da Empregabilidade. Corporacións locais, cun crédito inicial de 29.511.000 €, que experimentou un incremento sobre o crédito inicial de 18.911.000 €, pero que as obrigas recoñecidas a 31.12.2016 foron tan só de 32.504.000 €, é dicir que o nivel de execución sobre o orzamentado foi para o exercicio 2016 de tan só un 67,1 %.

Á vista destes datos as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É consciente o Goberno galego da situación de precariedade que padecen un número moi importante de persoas no noso país?

2ª) É consciente o Goberno galego que o emprego debe ser unha política prioritaria no noso país á vista dos datos socioeconómicos actuais, e que os concellos, como administración máis próxima á cidadanía, necesitan estes recursos para poder atender as necesidades da súa poboación?



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/04/2017 10:52  
Nº Rexistro: 8292  
Data envío: 26/04/2017 10:52:32.047



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

3ª) Non considera o Goberno galego que as políticas de emprego deben ser executadas na súa totalidade para facilitar a incorporación o mercado laboral do elevado número de persoas que non atopan traballo e que, polo tanto, agudiza a súa situación de precariedade?

4ª) Por que motivos se deixou de executar unha porcentaxe tan alta dos fondos destinados a corporacións locais dentro dos Plan de mellora e fomento da empregabilidade?

Pazo do Parlamento, 20 de abril de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/04/2017 10:47:52**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/04/2017 10:48:01**

**Noela Blanco Rodríguez na data 26/04/2017 10:48:09**